

Guía erasmus para estudiantes curso 2011- 2012

Guía Erasmus para Estudiantes

Curso 2011-12

Contido

Obxectivo desta guía, 3

Documentación a entregar na ORI, 4

Antes da partida, 4

Unha vez iniciada a estada no estranxeiro, 5

Ao finalizar a estada, 5

A Universidade de destino, 6

Documentación para enviar, 6

Información sobre a universidade de destino, 6

Aloxamentos, 7

Viaxe, visado e seguro de asistencia sanitaria, 8

Axudas económicas, 9

Bolsa Erasmus, 9

Axuda complementaria da Universidade de Vigo, 9

Axudas complementarias do Ministerio de Educación, 9

Axuda complementaria da Xunta de Galicia, 10

Axuda complementaria da Deputación de Ourense, 10

Compatibilidade das bolsas, 10

Preparación lingüística, 12

Cursos do Centro de Linguas da Universidade de Vigo, 12

Cursos EILC, 12

Matrícula e recoñecemento académico, 13

O contrato de estudos, 13

A matrícula, 13

Regreso á Universidade de Vigo, 14

Certificación académica, 14

Certificación de estada, 14

Enquisa de avaliación, 14

Acuse de recibo, 14

Utilidades, 14

Obxectivo desta guía

Obxectivo desta guía:

O obxectivo desta breve guía é que poidas ter información dos pasos e a documentación que necesitarás para realizar a túa estadía no estranxeiro. É, polo tanto, importante que a leas con atención e que consultes na Oficina de Relacións Internacionais todas as dúbidas que poidan xurdir antes, durante e ao final da túa estadía.

Atoparás a información sobre a documentación que deberás entregar na Oficina de Relacións Internacionais, sobre a universidade de destino e todo o necesario para que ao regreso poidas ter o recoñecemento de estudos, xustificación da estadía, etc.

Non empregues os anexos que aparecen nesta guía. Os engadimos para que poidas ver os documentos que empregamos. Recibirás os orixinais ou terás que descargar algúns da nosa web (www.internacional.uvigo.es) en formato word.

Documentación a entregar na ORI

ANTES DA PARTIDA

Se vas aceptar a praza que che foi concedida, deberás entregar na ORI toda xunta a seguinte documentación:

- O impreso de bolseiro/a Erasmus
- Fotocopia do DNI
- Carta de aceptación (modelo na web)
- Ficha persoal de perceptores de pagamentos (modelo na web)
- Autorización de uso de datos persoais (modelo na web).
- Convenio de subvención 2011-12 .
- Certificación de estar a realizar o proxecto fin de carreira só no caso de non ter que formalizar a matrícula no curso 2011-12

Desde a ORI enviámosche por correo postal o impreso de bolseiro Erasmus. Trátase dun formulario que contén os teus datos. Éncheo e entrégao na ORI canto antes xunto con:

- A fotocopia do DNI
- A carta de aceptación
- A ficha persoal de perceptores de pagamentos
- A autorización de uso de datos persoais.

É moi importante que apareza un enderezo electrónico pois recibirás desde a ORI moitas comunicacións por correo electrónico. Se cambias de enderezo, comunícanolo.

Tras a publicación da resolución de concesión, tes un mes de prazo para presentar a carta de aceptación. Non o enchas a man e non esquezas asinalo.

En relación coa ficha persoal de perceptores, **NON É NECESARIO A SINATURA E O SELO DO BANCO**. Escribe claramente os números da túa conta bancaria para que non se produzan erros.

A autorización de uso de datos persoais non é de obrigada presentación, pero agradecemos a túa colaboración para axudar aos futuros/as seleccionados/as Erasmus.

Por último, se es un estudante que vai realizar o proxecto fin de carreira e non teremos constancia da túa matrícula na Universidade de Vigo durante o curso 2011-12, deberás entregarnos un certificado do/da teu/túa director/a de proxecto conforme estarás realizando o proxecto no estranxeiro coa bolsa Erasmus. Deberás pedir dous exemplares para entregar un coa solicitude de bolsa complementaria da Xunta de Galicia se a solicitas.

En xullo recibirás no teu enderezo postal o contrato de subvención. Recibirás dous exemplares e deberás devolver un asinado por ti a ORI.

UNHA VEZ INICIADA A ESTADÍA NO ESTRANXEIRO

Certificado de chegada (Certificate of Arrival)

Xunto coa ficha de datos, recibirás no teu enderezo familiar un exemplar do modelo de certificado de estadía. Este documento é moi importante para xustificar a bolsa perante a Axencia Nacional Erasmus, polo que terás que asegurarte de conservar o orixinal para presentalo ao final da estadía na ORI.

Se a perdes, pídelle a universidade de destino que che prepare un documento semellante o contacta coa ORI para que che enviemos outra copia.

Terás que levar este documento contigo para que sexa asinado pola Oficina de Relacións Internacionais da universidade de destino ou o responsable do programa LLP-Erasmus desa universidade en canto chegues ao teu destino. Non o asines ti. Tes que encher e facer asinar a primeira parte (a chegada) e enviarnos unha copia por fax ou escaneada á ORI. No documento terá que constar a data inicial de estadía e a data de finalización.

Conserva o documento orixinal ou asegúrate de que o conservan na ORI da universidade de destino para tralo de volta ao teu regreso. Se non o presentas, non poderás xustificar a duración da estadía, indispensable para cobrar as axudas correspondentes.

As datas que aparezan neste documento son as que empregaremos para calcular o importe da bolsa. As datas de chegada e partida deben corresponder coa estadía académica real.

Segundo as normas que o OAPEE enviou, o cálculo da bolsa segundo a estadía, farase segundo a táboa que aquí aparece e que reflicte como debemos considerar os meses de chegada e partida se non son enteiros:

	Mes de partida	Mes de regreso
Días (se chegas entre...)	Mes	Mes
1 ao 8	1,00	0,25
9 ao 15	0,75	0,50
16 ao 23	0,50	0,75
24 ao 28/29/30/31	0,25	1,00

CREDENCIAL DE BOLSEIRO E CONTRATO DE SUBVENCIÓN

En xullo, xunto co convenio de subvención, recibirás no teu enderezo postal a credencial de bolseiro. Consérvaa sempre porque servirá para engadir ao teu CV no futuro. Se cha solicitan, presenta copia.

A credencial só se entregará cando teñades confirmada a vosa aceptación na universidade de destino.

RENUNCIAS

Se renuncias á praza Erasmus, deberás presentar unha renuncia por escrito empregando o modelo de aceptación/renuncia que está colgado na web da ORI xunto con esta guía.

Se tes que renunciar tras ter aceptada a bolsa, deberás comunicárnolo por escrito, devolvéndonos ademais a credencial de bolseiro orixinal, se xa cha entregamos, e o

contrato financeiro.

Queremos lembrarche que se non comunicas a tempo a túa renuncia, perxudicarás a estudantes que poidan estar interesados na túa universidade de destino.

A universidade de destino

DOCUMENTACIÓN PARA ENVIAR

Tras ser seleccionado, desde a ORI enviamos ás universidades de destino os datos dos/as estudantes Erasmus, pero moitas universidades non aceptan aos bolseiros Erasmus ata que estes lles envían a documentación que lles solicitan. Moitas universidades teñen prazos moi estrictos, así que deberedes enviar a documentación en prazo para ser aceptados.

IMPORTANTE: Non serás considerado Erasmus ata que a universidade de destino te acepte.

Polo tanto, é responsabilidade túa o envío da documentación que che solicite a universidade de destino. Se non recibes información da universidade de destino, búscala na páxina web da universidade de destino.

Normalmente terás que enviar no prazo que che marque a universidade de destino:

- Application Form (formulario de solicitude).
- Housing Application (impreso de aloxamento).
- Learning Agreement (contrato de estudos).

Nos formularios de solicitude poden pedirche esta información:

Coordinador Institucional/ Erasmus Institutional Coordinator	Anselmo Seoane
Teléfono/ Phone	+34 986 813 550/18727/18726
Fax	+ 34 986 813819
E- mail	ori@uvigo.es
CÓDIGO ERASMUS DA U. DE VIGO	E VIGO 01

Se che solicitan información sobre o/a coordinador departamental, trátase do responsable do teu centro. Na nosa páxina web podes atopar os seus datos:

http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Administracion/ORI/responsables.html

INFORMACIÓN SOBRE A UNIVERSIDADE DE DESTINO

Debes consultar as páxinas web das universidades de destino. Temos unha ligazón a través da nosa páxina web con todas as páxinas web das universidades de destino e os documentos que recibimos da universidade de destino para os estudantes Erasmus ou polo menos os datos dos responsables de relacións internacionais.

Moitas das universidades de destino teñen nas súas webs, no apartado de relacións internacionais ou de oficinas de internacional, a información necesaria e os documentos que tedes que presentar. Deberás enviar os documentos que se che piden nos prazos que as universidades establezan.

Algunhas universidades envían aos enderezos dos estudantes información sobre aloxamento, estudos, etc. Le ben as instrucións. Cumpre cos prazos que che marcan para non ter problemas de aceptación, de reserva de aloxamento, etc.

ALOXAMENTO NA UNIVERSIDADE DE DESTINO

As universidades de destino teñen o compromiso de facilitar axuda para atopar aloxamento. Nalgunhas cidades pode ser difícil atopalo. Cumpre cos prazos que che indiquen para enviar os formularios de reserva de aloxamento, se os hai. Canto antes o fagas, máis posibilidades terás de ter reserva de praza.

Páxinas de interese: <http://internacional.universia.net>

<http://www.casaswap.com>

<http://www.yourdomus.com>

Viaxe, visado e seguro de asistencia sanitaria

VIAXE

O estudante é o que se encarga de mercar o billete de avión e efectuar todas as xestións necesarias para chegar á universidade de destino.

Non deberás xustificar a viaxe, non é necesaria a presentación de billetes de avión, etc. para o cobro da axuda de viaxe.

VISADO

En principio só necesitarás visado para viaxar a Turquía.

A tramitación do visado é responsabilidade túa. Lembra que tes que tramitalo con polo menos dous meses de antelación.

Na páxina web do Ministerio de Asuntos Exteriores poderás atopar información útil (<http://www.mae.es>).

SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA

O Seguro Escola non cubre a túa estadía no estranxeiro polo que deberás realizar os trámites necesarios ter as garantías necesarias de asistencia sanitaria:

-Se vas a un país comunitario e estás suxeito ao réxime xeral da Seguridade Social:

Deberás solicitar na Seguridade Social a Tarxeta Sanitaria Europea coa que terás cobertura médica no país de destino durante a túa estadía. Na Seguridade Social recibirás información sobre esta tarxeta. Pode ser que che pidan un certificado coas datas exactas da túa estadía. Neste caso ponte en contacto coa ORI.

-Se vas a un país non comunitario:

Deberás facer un seguro privado. Enviarémosche información desde a ORI.

-Se non estás suxeito ao réxime da Seguridade Social:

Deberás informarte no teu respectivo seguro sobre o modo de poder recibir asistencia médica no estranxeiro.

No caso de que se che esixa o comprobante do pagamento do seguro escolar do curso escolar 2011-12, se aínda non realizaches a matrícula, ponte en contacto coa Secretaría do teu centro.

Recomendámosche que suscribas un seguro de asistencia en viaxe (equipaxe, responsabilidade civil, etc.). A compañía de seguros coa que a Universidade de Vigo ten contratados os seguros escolares presentounos una proposta de póliza de seguro de multiasistencia de viaxe. Se queres comparar esta oferta coa que che poidan ofrecer outras compañías, enviarémosche información desde a ORI.

Axudas Económicas

1. BOLSA ERASMUS
2. AXUDA COMPLEMENTARIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO
3. AXUDA COMPLEMENTARIA DO MINISTERIO DE EDUCACIÓN
4. AXUDA COMPLEMENTARIA DA XUNTA DE GALICIA
5. AXUDA COMPLEMENTARIA DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

Agás a axuda complementaria da Xunta de Galicia, todas as axudas outorgaranse automaticamente unha vez que sexades seleccionados.

O pagamento das axudas farase en función da estadía real, a xustificada do certificado de fin de estadía.

BOLSA ERASMUS

A Universidade de Vigo recibe os fondos Erasmus procedentes da Comisión Europea a través da Axencia Nacional Erasmus (Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos, OAPEE). En realidade non se trata dunha bolsa, senón dunha axuda para cubrir os gastos que supón a diferenza do nivel de vida ao desprazarse a un país estranxeiro.

O pagamento da bolsa farase en dous prazos: o primeiro, arredor do 70% da bolsa, entre novembro e decembro para os estudantes que marcharon no primeiro cuadrimestre, e entre marzo e abril para os do segundo cuadrimestre. O segundo pagamento realizarase ao finalizar o curso académico.

A título informativo, durante o curso 2010-11, a media nacional de bolsa Erasmus foi de 120 euros por mes.

A AXUDA COMPLEMENTARIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Todos os estudantes Erasmus percibirán unha axuda complementaria da Universidade de Vigo dun máximo de 100 euros segundo o destino. Trátase dunha axuda única, non mensual.

Estas axudas só poderán pagarse se os estudantes achegan a documentación solicitada antes da súa partida: ficha de datos, DNI, aceptación, ficha persoal de perceptores e convenio de subvención e trala súa incorporación á universidade de destino, envían o certificado de chegada.

AXUDA COMPLEMENTARIA DO MINISTERIO DE EDUCACIÓN

O Ministerio de Educación concede dúas axudas complementarias aos estudantes Erasmus:

1. Unha axuda que recibirán todos os estudantes seleccionados. A título informativo, no curso 2010-11, a axuda complementaria foi de 172 euros por mes de estadía.
2. Unha axuda que recibirán os estudantes que no ano anterior á súa estadía Erasmus, é dicir, no curso 2010-11, foron beneficiarios dunha bolsa universitaria do Sistema Xeral, concedida polo Ministerio de Educación. A título informativo, no curso 2010-11, a axuda complementaria foi de 376 euros por mes de estadía.

Non podemos confirmar para o curso 2010-11 a contía exacta que percibiredes. Informaremos desde a ORI cando se publiquen as contías no BOE.

AXUDA COMPLEMENTARIA DA XUNTA DE GALICIA

A Xunta de Galicia publica unha convocatoria anual de axudas complementarias para os bolseiros Erasmus. Esta convocatoria publícase cando os estudantes Erasmus están xa fóra. Para os bolseiros do curso 2010-11, a convocatoria publicouse no DOG do 10 de decembro de 2010.

Están excluídos desta convocatoria os estudantes de mestrados e terceiro ciclo.

Desde a ORI enviaremos por correo a convocatoria cando sexa publicada no Diario Oficial de Galicia. Deberás deixar a maioría da documentación preparada para que, se estás fóra, os teus familiares ou amizades non teñan que reunir toda esta documentación. Deixa todo preparado, por exemplo, no Nadal, ou antes de marchares se o fas no segundo cuadrimestre. Se non o fas, ten en conta que deberás deixar un poder notarial ou un escrito de autorización para que o autorizado/a solicite algúns dos documentos que se requiren.

A documentación que normalmente solicitan é a seguinte:

1. Solicitud cuberta asinada polo estudante ou polos pais ou titores/as legais (enviarase por correo cando se publique a convocatoria no DOG).
2. Copia do DNI.
3. Certificación académica completa coa constancia da matrícula no curso 2011-12. Esta certificación pídesse na Secretaría do centro no que estás matriculado na Universidade de Vigo. Deberás indicar que é para solicitar esta bolsa, deste xeito será gratuíta. Terá que ser solicitada tras a publicación da convocatoria.
4. Xustificante da matrícula correspondente ao curso 2011-12 ou certificado de estar a realizar o proxecto fin de carreira.
5. Documento facilitado pola entidade bancaria a nome do interesado/a no que consten os datos bancarios.
6. Declaración xurada conforme non percibes ningún outro tipo de bolsa ou axuda de ningunha entidade pública para a mesma finalidade (enviaremos o modelo cando se publique a convocatoria).

O curso pasado a axuda oscilou entre os 200€ e os 2450€ segundo os meses de estadía no estranxeiro e da nota media do expediente académico.

AXUDA COMPLEMENTARIA DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

A Deputación de Ourense asina cada ano un convenio de colaboración coa Universidade de Vigo. No marco deste convenio, os estudantes matriculados no campus de Ourense reciben cada ano unha bolsa complementaria. Desde a ORI informaremos sobre a sinatura do convenio, se se produce, e da contía a percibir. Os pagamentos fanse cara ao final do curso. A axuda non superará os 50 euros por mes de estadía.

COMPATIBILIDADE DAS BOLSAS

A axuda Erasmus é COMPATIBLE coas seguintes bolsas:
 -A bolsa do Ministerio de Educación para cursar estudos na Universidade de Vigo.
 -As bolsas para realizar o proxecto fin de carreira da Universidade de Vigo e do Ministerio de Educación.

A axuda Erasmus é INCOMPATIBLE coas seguintes bolsas:

-As xa financiadas no marco doutros programas comunitarios ou con contribución comunitaria, como Leonardo da Vinci.

-Bolsas MINER: se algún bolseiro Erasmus ten bolsa MINER poderá realizar a estada Erasmus pero renunciando ás axudas económicas.

Preparación Lingüística

CURSOS INTENSIVOS ORGANIZADOS POLO CENTRO DE LINGUAS:

O Centro de Linguas organizará cursos intensivos de idiomas nos tres campus da Universidade de Vigo se hai estudantes dabondo interesados.

http://www.uvigo.es/uvigo_gl/OtrosServicios/CentroLenguas/index.html

CURSOS EILC (Cursos de Lengua Intensiva Europea):

Trátase de cursos de idiomas (agás inglés, francés e alemán) que podedes solicitar pola vosa condición de Erasmus.

Son cursos con matrícula gratuíta e recibiredes unha bolsa de 225 euros independente da bolsa Erasmus se sodes seleccionados para realizalo.

Toda a información destes cursos está na páxina da Comisión Europea: http://ec.europa.eu/education/erasmus/doc902_en.htm

Se estades interesados, desde a ORI recibiredes información por correo electrónico de cómo solicitalos no momento no que se abra a convocatoria.

Estes cursos van dirixidos a estudantes seleccionados para realizar unha mobilidade Erasmus (estudos ou prácticas) nun país que organice EILC. Teñen prioridade os estudantes cun período máis largo de duración. Se a principal área de estudos é a lingua do país de destino, non son prioritarios (Filoloxías ou Tradución principalmente)

Os cursos impártense en dúas fases. As solicitudes deberán enviarse por correo electrónico:

- Para os estudantes que inicien a mobilidade Erasmus no derradeiro trimestre de 2011 (Summer/Autum 2011), deberán enviar as solicitudes antes do 20 de maio de 2011.
- Para os estudantes que inicien a mobilidade Erasmus a partir de xaneiro de 2012 (Winter 2012), o último día de prazo será o 15 de outubro de 2011.

Unha vez rematados os prazos de presentación de solicitudes, a ORI enviará estas as institucións organizadoras. Estas informarán sobre os seleccionados antes do 20 de xuño e do 20 de novembro respectivamente.

Unha vez completado o curso, os estudantes participantes deberán acreditar a realización do curso presentando na Universidade de Vigo o correspondiente Certificado expedido polo organizador do curso.

Matrícula e recoñecemento académico

O CONTRATO DE ESTUDOS (anexo VII)

Se vas cursar materias na universidade de destino que serán recoñecidas na Universidade de Vigo deberás encher o Contrato de estudos (Learning agreement).

Neste documento deberán aparecer as materias que cursarás na universidade de destino e as materias que se recoñecerán na Universidade de Vigo.

O contrato de estudos farase a través da Secretaría Virtual:

<https://seix.uvigo.es/uvigo.sv/>

Xunto con esta guía, atoparás instrucións como proceder para elaborar o contrato de estudos. Esta guía tamén estará colgada na Secretaría Virtual.

Para seleccionar as materias que vas cursar debes dirixirte ao responsable de relacións internacionais do teu centro. Na ORI non nos ocupamos de temas académicos, polo que non poderemos asesorarte. Nalgúns centros hai titores académicos que colaboran cos responsables para poder aconsellar mellor aos/ás alumnos/as. Despois de ser asinado por ti e polo/a responsable do teu centro, será asinado polo Director da ORI como coordinador institucional.

Se fas modificacións, unha vez no estranxeiro, deberás sempre manter informado ao responsable de relacións internacionais do teu centro e ter a súa autorización. Envía as modificacións para a súa sinatura e non deixes pasar moito tempo, pois as modificacións deber ser aprobadas polo/a teu responsable de RRII.

Cando asinen o contrato na universidade de destino e sexan definitivas as materias que alí consten, deberás envialo ao responsable de RRII do teu centro na Universidade de Vigo. Ti tes que quedar cunha copia. Lembra que o debes enviar canto antes, se non non terás garantías de recoñecemento.

Na páxina web da ORI atoparás unha listaxe dos responsables de relacións internacionais dos centros, cos seus números de teléfono, fax e correo electrónico.

A MATRÍCULA

O alumnado ERASMUS está exento do pagamento da matrícula na universidade de destino, pero normalmente si deben cubrir os impresos de matrícula da universidade de destino indicando as materias que cursarán. Deste modo, ao finalizar o período de estudos, obtense máis rapidamente o certificado académico no que se sinalan os cursos realizados e a nota.

Na Universidade de Vigo deberás realizar a matrícula coma sempre, nos prazos establecidos para tal efecto en cada centro. Só se recoñecerán aquelas materias nos que esteas matriculado na Universidade de Vigo.

Se realizas modificacións no contrato de estudos que afecten á matrícula na Universidade de Vigo, deberás solicitar estas modificacións na Secretaría do teu Centro, ademáis de avisar ao teu responsable de RR.II

¡ ¡ ¡AVISO IMPORTANTE! ! !

Á hora de efectuares a matrícula indica na secretaría do centro da Universidade de Vigo que gozarás da bolsa Erasmus durante ese curso. É importante que o saiban na secretaría do centro porque aparecerás nunhas actas especiais.

Regreso a Universidade de Vigo

CERTIFICACIÓN ACADÉMICA

A universidade de destino deberá remitir á Universidade de Vigo unha certificación académica das materias cursadas coas cualificacións correspondentes. Se na ORI as recibimos, remitirémolas ao responsable de relacións internacionais, así como unha copia ao estudante.

CERTIFICACIÓN DE ESTADÍA (anexo IV)

Para poder xustificar a duración da estadía deberás presentar o certificado orixinal coas datas de fin de estadía. Este documento é moi importante para poder xustificar os fondos que che corresponden. Deberás presentalo sen riscadas e con data de firma igual ou posterior á data de finalización da estadía. Deberás entregalo tras a finalización da túa estadía, como moi tarde, un mes rematada ésta.

ENQUISA DE AVALIACIÓN

Deberás encher unha enquisa. Desde a ORI recibirás información de como facelo ao final da túa estadía antes do fin do curso 2011-12.

ACUSE DE RECIBO (anexo VIII)

Ao final da estadía, unha vez que recibas todas as axudas que che corresponden recibirás un documento para asinar que deberás entregar na ORI. Será enviado por correo postal ao teu enderezo familiar.

Utilidades

Organismo Autónomo Programas Educativos Europeos:

<http://www.oapee.es>

Embaixadas e consulados :

<http://www.mae.es>

<http://embajada-online.com>

Guías de viaxe on-line:

http://www.europa.eu.int/abc/travel/index_en.htm

<http://www.visiteurope.com>

<http://www.guiamundialdeviajes.com>

<http://www.inter-rail.org/>

Envío gratuito de documentación:

A axencia de transportes MRW ofrece o plan ForUn que permite aos teus familiares directos (pais, irmáns) o envío de documentación de forma gratuíta mentras estás a estudar no estranxeiro, segundo as características do plan ForUn.

Para obter máis información podes dirixirte á axencia de MRW máis cercana ou chamar por teléfono ao número 902 300 400. Tamén poderás obter información na seguinte páxina web: <http://www.mrw.es>

Carné de estudante internacional (ISIC):

Permite aos estudantes identificarse e obter descontos e vantaxes en transportes, aloxamentos e espectáculos (<http://www.istc.org>). Para tramitalo:

En Vigo: Concepción Areal, 8 . 1º. (Xuventude).

En Ourense: Avda. Habana, 81. (Xuventude).

En Pontevedra: Centro galego deTecnificacion Deportiva, R/Pai Fernando Olmedo s/n.

Asociacións de estudantes:

AECEE (Association des Etats Généraux des Etudiants de l'Europe): <http://www.aegee.org>

ESN (ERASMUS Students Network): <http://www.esn.org>

ESIB (The National Unions of Students in Europe): <http://www.esib.org>

AIIESEC: <http://www.aiesec.org>

BEST (Board of European Students of Technology): <http://www.best.eu.org>

IAESTE (International Association for the Exchange of Students for Technical Experience) : <http://www.iaeste.org/>

ELSA (The European Law Student Association): <http://www.elsa-online.org/>

ESTIEM (Organisation of European Students of Industrial Engineering and Management): <http://www.estiem.org>

ERASMUSU <http://www.erasmusu.com/es>

ERASMOOS <http://es.erasmoos.com>

ERASMATE <http://www.erasmate.com>

Bases de datos e fontes de información:

Eurydice (sistemas educativos europeos): <http://www.eurydice.org/>

Naric (Network of national academic recognition centres):
http://europa.eu.int//comm/education/programmes/socrates/agenar_en.html

IRIS (Informes de estudiantes sobre universidades de destino). <http://www.iris.siu.no>
<http://www.iagora.com> (contén informes de destinos)

Links útiles.

<http://internacional.universia.net/>

<http://www.becas.com> (Información sobre bolsas, premios, ayudas, subvencions...).

<http://www.infobecas.net>

<http://www.casaswap.com> (para aloxamento)

<http://www.myerasmus.com>

<http://www.erasmusworld.com>

<http://www.olestudent.com>

Conversores de moeda

<http://www.bce.org>

<http://www.oanda.com./converter/classic>

<http://www.motylek.com/kurs.asp>

<http://www.iagora.com/es>

Para viaxar

<http://www.iagora.com/>

<http://www.lonelyplanet.com>

<http://travel.yahoo.com>

<http://www.elmundoviajes.com>

<http://tempo.weather.com/> (Para ver las temperaturas)

Compañías ferroviarias europeas

Alemania: <http://www.bahn.de/>

Austria: <http://www.oebb.at/>

Bélgica: <http://www.b-rail.be/>

Dinamarca: <http://www.dsb.dk/>
España: <http://www.renfe.es/>
Finlandia: <http://www.vr.fi/e-index.htm>
Francia: <http://www.sncf.fr/>
Grecia: <http://www.osenet.gr/>
Hungría: <http://elvira.mavformatika.hu/>
Irlanda: <http://www.irishrail.ie>
Italia: <http://www.fs-on-line.com/>
Países Bajos: <http://www.ns.nl/>
Polonia: <http://www.pkp.com.pl/>
Portugal: <http://www.cp.pt/>
Reino Unido: <http://www.rail.co.uk/>
República Checa: <http://idos.datis.colrail.cz/>
Suecia: <http://www.resor.sj.se/>
Suiza: <http://www.sbb.ch>

